

35
anos de
historia
1978-2013

Clube Marítimo
Deportivo e Cultural



O GROVE • Nº 28 - 1º TRIMESTRE 2013
EDITA: C.M.D.C. BREOGÁN
Avda. Correos nº 86 - Tel/Fax: 986 73 32 93
e-mail: clubbreogán@telefónica.net
www.clubbreogán.org



Resultados: autonómicos Cabalgata e nacionais

Resumo 1º trimestre

Travesía da Toxa

Xadrez

Nova páxina web

**DEPORTE
GALEGO**



CENTR

VIAJES VIABUSTRAVEL XC-PO 321

MAYORISTA - MINORISTA

Especialistas en Viajes

**C/ Sineiro, 20 - A Bajo • 36980 O Grove. Pontevedra
Telf. 986 732 336 • Fax. 986 733 964
grupos@viabustravel.com • marta@viabustravel.es**

www.viabustravel.es

Viabús Travel, nova empresa colaboradora

Viajes Viabús Travel e o C.M.D.C. Breogán chegamos a un acordo polo que a axencia de viaxes pasa a ser empresa colaboradora do noso equipo de piragüismo.

Grazas a este acordo, Viabús Travel encárgase de organizar as estancias do equipo de piragüismo do Breogán nos desprazamentos pola xeografía española para participar nos distintos Campionatos de España e outras regatas a nivel nacional, nos que participemos.

No Breogán vemos mellorado o acordo que mantinhamos coa axencia de viaxes coa que traballabamos en temporadas anteriores. Ademais, hai que unirle a isto que Viabús Travel é unha empresa local.

Con este acordo as furgonetas do Breogán levarán a publicidade desta nova empresa colaboradora, ademais doutros colaboradores. Ambas as dúas partes amosámonos satisfeitos co acordo acordado, agardando que este se prolongue no tempo. O primeiro desprazamento que realizamos "xuntos", foi o que se fixo o 16 e 17 de marzo, co desprazamento do equipo de piragüismo do Breogán a Sevilla para disputar o Campionato de España de Inverno.

Pola súa banda, dende a Xunta Directiva do C.M.D.C. Breogán seguimos traballando na precura dun patrocinador para o equipo de piragüismo, ainda que as dificultades económicas actuais fan que esta sexa unha laboura moi complicada.



VIAJES VIABUSTRAVEL XC-PO 321

MAYORISTA - MINORISTA

C/ Sineiro, 20 - A Bajo • 36980 O Grove. Pontevedra
Tel. 986 732 336 • Fax. 986 733 964
grupos@viabustravel.com
www.viabustravel.es

Tel. 986 733 297
www.fisotermoplasmascotportela.com

VIABUS TRAVEL
www.viabustravel.com
Especialistas en Viajes
C/ Sineiro, 20 - A Baj - 36980 O Grove. Pontevedra
Tel. 986 732 336 • Fax. 986 733 964
grupos@viabustravel.com
www.viabustravel.es



das, destacando tamén os resultados de Manuel García, Natalia García, Tamia Álvarez e Álvaro Bravo.

No Campionato de Xóvenes Pro-
mesas o máis destacado foi o oitavo posto de Adrián Ribademan no C-1 cadete. Mentras os nosos veteranos fixérонse cun Campionato de España de Marcelino Cacabelos e un Subcampionato de Esmaña de Rut Otero

NO Campeonato de AOVENS 110-111 da Marcajino Cacabocas o un Sugu-
mesas o más destacadou foi ooitavo campionato de España de Rut Otero.



Resumo 1º trimestre 2013

No resumo do 1º trimestre de 2013, na primeira edición editada no novo formato a través da nosa p\'axina web, facemos como \'e habitual un resumo informativo para os nosos soci@s e persoas \'as que lles interesen as actividades da nosa entidade neste per\'odo de tempo.


Asimesmo, recóllese a presentaci\'on nacional que Breog\'an en pirag\'uismo, formado parte da Asamblea Naci\'on tam\'en da Comisi\'on Delegad Unha aposta importante nova xestión da nosa p\'axina

Como é costume no primeiro resumo do ano, inclúese información de dúas actividades típicas desas data, como son a participación de Breogán na Cabalgata de Reis e a celebración da Asamblea Xeral Ordinaria, que por Estatuto que levará cambios como que non se edite en papel o letín Informativo”.

Dáse conta dos resultados dos equipos de xadrez e piramido; volvendo a dar conta da celebración da X Traves

Foxa e rematando dando conta do acordo ao que se chegou coa empresa Viabus Travel, que nos organizará as estancias do equipo de piragüismo nos seus desprazamentos.

E por último, queremos recordar unha vez máis aos soci@s que este ano estamos no 35 Aniversario de Breogán. Por iso, se alguén quere facer algún tipo de proposta para conmemorar esta efeméride, dende a Xunta Direc-tiva estamos abertos a escutar ideas.



- Asesoría Fiscal e Contable
- Asesoría Laboral
- Sociedades
- Administración de Fincas
- Mediador de Seguros Colexiado
- Especialista en Seguros de Vida
- Aforro e Inversión



VICTOR OTERO PROL



GOOGLE PORTFOLIO



O Corgo, 59 bajo - Telf/Fax. 986 73 31 25 - 36980 O GROVE Pontevedra

Medalla de Prata de Elio Ochoa na C-1 infantil "B" diestro.

A segunda regata tívose que cambiar de data polo mal tempo, celebrándose no sábado de Semana Santa e véndose así afectada porque algúns rapaces non puderon acudir ao ter saído de viaxe os seus pais. A pesar de varias ausencias, melloramos un posto na clasificación por clubs, pero a nivel individual non se acadou ningunha medalla.

COMPETICIÓN GALEGA

Despois de varios controis non oficiais, onde se puideron medir os deportistas e comprobar o seu estado de forma, a competición oficial para as categorías cadete, xuvenil e senior iniciábase co Campionato Galego de Inverno celebrado en Verducido.

Breogán faciase cun bo terceiro posto por equipos e, entre os deportistas destacan o primeiro posto de Diego Romero en C-1 senior; o segundo de Laura García en K-1 Muller xuvenil e o terceiro posto de Manuel García en C-1 xuvenil.

Ao mesmo tempo disputouse o Campionato Galego de Inverno para Veteranos, no que Breogán tamén tivo unha participación destacada, obtendo o quinto posto por clubs. A nivel individual Lino Cabecelos era segundo entre os C-1 veteranos e Rut Otero era terceira na súa categoría.

Este ano houbo unha novidade, ao celebrarse o Campionato

Galego de Inverno de Barcos de Equipo, disputado en embarcacións K-2 e C-2.

O noveno posto final do Breogán na clasificación por clubs puidor ser mellor, pois ata catro embarcacións quedáronnos ao borde de puntuar, o que cambiaría de forma notable a clasificación.

A nivel individual os nosos mellores resultados foron a Medalla de Prata de Laura García e Sara Bravo no K-2 muller xuvenil e a Medalla de Bronce do C-2 senior de Diego Romero e Manuel García.

COMPETICIÓN NACIONAL

O Campionato de España de Inverno tivo como escenario un ano más a cidade de Sevilla, que ao mesmo tempo acolleu o Campionato de España de Xóvenes Promesas e o Campionato de España de Veteranos.

Breogán tivo representación nas tres competicións ainda que no campionato "importante" foi onde obtivo os mellores resultados: un sexto posto por clubs, que un ano máis nos mantén na elite do piragüismo nacional.




É de destacar a boa labor e a loita amosa da por todos os nos@s palistas, que nos levaron á consecución dun bo resultado por clubs. A nivel individual, Diego Romero proclamouse Subcampión de España en C-1 senior, sendo o primeiro clasificado en C-1 sub 23. Laura García no k-1 muller xuvenil acabou preto das mellan-

Pastorciños na cabalgata

Un ano máis Breogán estivo colaborando co Desfile dos Reis Magos, coa confeción dunha carroza.


Este ano, debido aos recortes, houbo que botar man do inxenio para facer unha carroza que estivese decente e que gustase aos cativos, con menos orzamento que outros anos. Ao mesmo tempo foi decorada con algo axeitado co Nadal, como foron o grupo de pastorciños que ían na mesma, na que se incluía un alprende todo nevado, co seu pote no lume e diversos accesorios típicos do campo. Incluso se dotou dun pequeno galíñeiro no que ían un gallo e unha galiña.

Un ano máis quedamos satisfeitos de ver a cara dos nenos e nenas do Grove o ver o desfile das carrozas, motivo que nos leva a quitar tempo de onde non o hai para poder estar presentes neste importante acto, coa nosa aportación.



RÍAS BAIXAS
OBRAS Y CONTRATAS
www.riasbaixasnet.com

R/ País Vasco, 5 Baixo - 36980 O Grove (Pontevedra)
Tel: 986 732 195 - Fax: 986 735 027 - mail: construcciones@riasbaixasnet.com



**Deputación
Pontevedra**

Resultados de Piragüismo



KAIAK DE MAR

A temporda de regatas oficiais do ano 2013, iniciouse cunha competición na modalidade de kaiak de mar, que tivo lugar en Outes o día 26 de xaneiro.

Esta modalidade está aumentando de forma importante e dende Breogán téñola como unha posibilidade máis de competir, acudindo deportistas que así o desexen.

Nesa primeira regata estiveron presentes doux deportistas nosos: Rut Otero que na modalidade de Sprinter K-1 muller senior se fixo coa segunda posición e Simón Díaz que se impaxo na modalidade Tradicional K-1 veterano “B”.

A segunda regata tivo lugar en Aldán, onde Rut e Simón participaron conxuntamente en Sprinter K-2 mixto, onde se impuxeron con claridade. Esta regata supuxo o “bautismo” nesta modalidade do olímpico, David Mascato que foi décimo terceiro en Sprinter K-1 veterano.

Baiona acolleu a terceira regata desta modalidade. Rut e Simón tiveron que abandonar a regata cando ían primeiros por mor dunha avaría na piragua.

Mentres, o cadete José Manuel Méndez, faciase coa cuarta posición da súa categoría.

dir ás regatas a súa asistencia é moi variable, por distintos motivos.

A primeira regata tivo lugar en Verducido, onde o Breogán ocupou o posto 11º por clubs. E a nivel individual destacou a Medalla de Prata de Antía Naveiro en k-1 muller infantil “B” e a



Asemblea C.M.D.C. Breogán

O dia 25 de xaneiro celebramos a Asamblea Xeral de Socios correspondente ao ano 2013, na que se deu un repaso ao que suxeito a nosa entidade no ano anterior e os proxectos para o presente.

En primeiro lugar deuse un repaso ás actividades do 2012, o realizado polas sección de xadrez e piragüismo e mailo peche da Escola de Música ademais doutras actividades nas que se tomou parte: Cabalgata de Reis, Mercadínio Tradicional de Enxebre, Carreira Popular Festa do Marisco, Festa da Bicicleta, etc...

Asimismo deuse un repaso ás contas do pasado ano, onde se puido ver unha clara disminución tanto dos ingresos como dos gas-

tos seguidos a tónica dos últimos anos por mor da disminución das subvencións, axudas, colaboracións, premios, etc...

Como exemplo desta disminución, podemos poñer o capítulo de gastos no que se presentou deseño 2013 un total de 87.633,68€ cando no ano 2010 os gastos ascenderan a 163.948,71€. Pero a situación que estamos a padecer obriga a reducir e adaptarnos ao tempo que nos toca vivir.

Tamén se recordou que este

2013 acádase o 35 Aniversario de Breogán,

dando conta a directiva

aos socios de que está aberta a

propostas de actividades que se

xan asumibles, para ensalzar esta

efeméride tan importante para os



X Travesía da Toxa o 8 de xuño



www.clubbreogan.org

Dende hai un tempo viñamos traballando na posta en funcionamento dunha páxina web da nosa entidade, contábamos coa mesma, pero o seu funcioamento non era o correcto.

Agora, chegamos a un acordo con AMR Comunicación, para facer un novo deseño desta páxina e ao mesmo tempo, encargaranse da posta ao día e do seu mantemento. Con iso consideramos que, dunha vez, poidamos contar cunha ferramenta imprescindible nos tempos que corren, de cara a informar aos soci@s, e a quen o deseñe ou a fámos más visibles e interesantes de cara a posibles patrocinadores ou empresas colaboradoras. A dirección da nosa páxina é a seguinte: www.clubbreogan.org.

Derradeiro boletín informativo en papel

No seu séptimo ano de existencia, o Boletín Informativo que editamos trimestralmente cambia radicalmente o seu formato, pois coa nova presentación da nosa páxina web, incluirase na mesma os diferentes números do nosso boletín informativo.

A súa periodicidade será a mesma: cada tres meses, e con iso acaderemos un aforro na impresión do boletín e, ao mesmo tempo unha maior difusión da nosa actividade, pois poderá ser visto por todos

das as persoas que o desexen. Un pequeno número de exemplares seguirérmolo editando en papel, para incluir nos dossieres que enviamos ás empresas colaboradoras e no material que enviamos na búsqueda de novos patrocinadores.

De toda as maneiras, se alguén estivese interesad@ en recibir o Boletín Informativo en papel e no seu domicilio, deberíanolo solicitar e abonar unha cuota anual de 15€.

dende a organización deste evento solicitóuseños algún tipo de colaboración relacionado co mar e cooperativismo, polo que propuxemos trasladar a nosa regata a ese día, proposta que foi ben recibida.

Tras solicitar á Federación Gá

lega de Piragüismo esta data, antes

da aprobación do calendario da liga galega, esta foi aceptada e aprobada en asamblea.

Polo demais a regata vai ser similar a dos últimos anos, para embarcacións K-2 e C-2, participando as categorías: cadete, xuvenil, senior e veteranos.

Asemblea R.F.E.P.

A regata de piragüismo que celebramos anualmente este ano chega á edición décima da Travesía da Toxa, sendo o XXVII Trofeo Concello do Grove de Piragüismo. Este ano vaise a celebrar o día 8 de xuño, coincidindo coa Festa do Desembarco Pirata que organiza Emgrobos.

Dende a organización deste evento solicitóuseños algún tipo de colaboración relacionado co mar e cooperativismo, polo que propuxemos trasladar a nosa regata a ese día, proposta que foi ben recibida.

Tras solicitar á Federación Gá

lega de Piragüismo esta data, antes

similar a dos últimos anos, para embarcacións K-2 e C-2, participando as categorías: cadete, xuvenil, senior e veteranos.

Polo demais a regata vai ser similar a dos últimos anos, para embarcacións K-2 e C-2, participando as categorías: cadete, xuvenil, senior e veteranos.



RESULTADOS E CLASIFICACIÓN

XADREZ

ENFRONTAMENTOS DO BREOGÁN "A"

Ronda	Data	Enfrontamento	Resultado
1	12-01	BREOGÁN "A"- Escuela Lalín "A"	1,5-2,5
2	19-01	Exo Ramón Escudeiro Tilive - BREOGÁN "A"	2-2
3	26-01	BREOGÁN "A" – Asociación exalcohólicos	1-3
4	02-02	Xadrez Rianxo - BREOGÁN "A"	0,5-3,5
5	16-02	BREOGÁN "A" - Xadrez Nemenzzo	1-3
6	23-02	BREOGÁN "A" - Algalaia de Abaixo	3,5-0,5
7	02-03	Marquiño - BREOGÁN "A"	2-2
8	09-03	BREOGÁN "A" - Xadrez Gallaecia	2,5-1,5

CLASIFICACIÓN GRUPO PRIMERA DIVISIÓN – GRUPO "B"

Posto	Equipo	Ganados	Empatados	Perdidos	Puntos
1	Exo Ramón Escudeiro Tilive	5	2	1	23,5
2	Asociación Exalcohólicos	6	1	1	20,5
3	Mercantil de Riveira	6	1	1	20
4	CXF-Casa da Xuventude	5	1	2	18,5
5	Xadrez Nemenzzo	4	1	3	18,5
6	Xadrez Gallaecia	4	0	4	17
7	BREOGÁN "A"	3	2	3	17
8	Marquiño	3	2	3	15
9	USC Xuvemil	2	0	6	15
10	Algalaia de Abaixo	2	1	5	12,5
11	Escuela Lalín "A"	2	1	5	10
12	Distribuidorosa-Xadrez Rianxo	0	0	8	4,5

ENFRONTAMENTOS DO BREOGÁN "B"

Ronda	Data	Enfrontamento	Resultado
1	12-01	BREOGÁN "B" - CXF La Marina	2-2
2	19-01	Xadrez Dorna - BREOGÁN "B"	4-0
3	26-01	BREOGÁN "B" - Escuela Lalín "C"	3,5-0,5
4	02-02	Club Agora - BREOGÁN "B"	2-2
5	23-02	BREOGÁN "B" - CXF Reeduka	3-1
6	02-03	CXF Banco Novagalicia - BREOGÁN "B"	3-1

CLASIFICACIÓN GRUPO TERCERA DIVISIÓN – GRUPO "F"

Posto	Equipo	Ganados	Empatados	Perdidos	Puntos
1	Xadrez Dorna	5	1	0	21
2	Club Agora	3	2	1	16,5
3	CXF-La Mariña	4	1	1	15
4	CXF-Banco Novagalicia	3	0	3	12,5
5	BREOGÁN "B"	2	2	2	11,5
6	Escuela Lalín "C"	1	0	5	2,5
7	CXF-Reeduca	0	0	6	1

Sección de Xadrez, resultados e clasificacións

O inicio da temporaada do Breogán "A" no Grupo "B" da Primeira División non foi moi bo, colleitando nas catro primeiras xornadas tres derrotas e un empate. Logo foi entónandose o equipo e nos catro seguintes enfrontamentos saldáronse con tres vitorias e un empate, o que fai que despois de disputadas as oito primeiras xornadas da temporaada, o Breogán "A" ocupe a séptima posición con 17 puntos, grazas ás tres vitorias, dous empates e tres derrotas.

Nas tres últimas xornadas, a disputar en abril, o equipo deberá estar atento e non despistarse para acadar o obxectivo deste ano, que non é outro que a permanencia na

O Breogán "B" rematou na quinta posición, con un total de 11,5 puntos, despois de seis enfrontamentos, nos que colleitou: dúas vitorias, dous empates e dúas derrotas.



A TRAVILLAÑA

Restaurante - Taberna

GESTIÓN INTEGRAL
DE PLAYAS Y LITORAL

